

Adios, meus amiguños, hastra que poida Jarlles unha aperta qu' espero en Dios ha de ser logo.

XESUS RODRIGUEZ LOPEZ.

DE TODO UN POUCO

Según lémos n-o noso compañeiro de Santiago «El Pensamiento Gallico», vemos con grande pracer, como os catalás nos dan nobre exemplo n-a defensa d'os seus dreitos e d'as suas gróreas.

N-a Audéncia de Barcelona, un Maxistrado tivo mal acerio de bulrarse d'o ideoma catalán, d'aquel ideoma en que Ausias March arrincou inimitabres cantos á súa lira, n-o qu' esquirbe Cller as novelas que logo se traducen ás lingoas todas d' Europa, n-a qu' o gran Verdaguer esquirbiu os seus poemas «A Atlántida» e «Canigó», e ante un feito d' esta natureza, os fillos de Cataluña non podían calar e portestaron dirixindo fortes, anque respeitosos telegramas á Rexente, que fixo pasar o asunto o Menistro de Grácea e Xusticea, pra qu' enterándose, faga esta.

Nosoutros vímonos cen veces send' ouxelo de bulras e quizavés d' elas non se libras o décimo ideoma en qu' esquirbiu Alfonso X e Marias n-a antigüedá e n-os nosos tempos a inimitable Rosalia Castro; pro encomecemos a portestar d' esto mesmo, facéndonos eco d'o proceder d' os nosos hirmaus. O noso compañeiro de Santiago publica unha portesta, incitando os gallegos á que poñen o pé as suas firmas y os periódicos rexionales que non s' esquezan d' esto.

Por hoxe non decimos mais. Moi conformes c'o pensamento d'o noso compañeiro, reclamamos o primeiro lugar e aconsellamos a todol-os bóis gallegos dean unha vez mais sinal de vida facend' o mesmo.

N-o noso compañeiro «El Eume», vémola lista de periódicos gallegos que se adheriron ó pensamento d' un Congreso Rexional, e non sin estraneza notámola falta d' A MONTEIRA, o que nos espiçamos d'o siguiente xeito:

«O sair á luz o noso somanareo, pidímosll' o cámbio a «La Voz de Galicia», que foi d' os poucos periódicos d' a Rexión que non corresponde ron á nosa demanda.

Mais tard' esquirbimos algo sobr' o «Con-

greso» e mandamos o dito periódico un número pro co a mesma sorte.

Nada, habemos dicir d'a conducta d'o diáreo crúes; pro hoxe queremos facer costar, qu' ante que homildes, nosoutros prestaremos tod' o auxilio que poidamos ó «Congreso Rexional», desexando qu' esta traia algo d' utilidade pr' o noso país.

Acabamos de recibir a Mamórea d'o «Centro Gallego», d'a Habana, n-o presente ano.

Acuparemonos d' ela como merece outro día.

A Venerable Orden Terceira de S. Francisco tivo á atencón de invitarnos pr' asistir á proceseón d'o vernes.

Dámosll' as gráceas ó Sr. Gobernador Civil y ó Sr. Presidente d'a Venerable Orden.

EMPRESA DE XERARDO CASTRO
Palacio, 10 Lugo.

REGAL' OS NÓSOS SUSCRITORES

J. C. P.

DICCIONARIO GALLEGOS

«DICCIONARIO GALLEGOS»
POR
«D. JUAN CUVEIRO PIÑOL»

Forma esta obra un tomo de mais de 330 páxinas, añadido c-un apéndice manuscrito con cento e tantas voces, que recolleu o autor d'empois de publicad' o Diccionario.

Cust' a obra y o apéndice 20 réas e pr' os suscritores d' A MONTEIRA a metá d'o prezo, ou sexan 10 réas.

Quedan xa poucos exemplares.

Os pedidos faránse á Adiministración d' A MONTEIRA